



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: convocatoria da Mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no mes de decembro para o alleamento por poxa pública das vivendas municipais na rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

A Cláusula 10.1 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, prevé que as sesións da Mesa de contratación se celebrarán con periodicidade mensual na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das posturas presentadas no mes inmediatamente anterior, salvo no caso de que non se presentase ningunha oferta.

Por Decreto de 15.12.2014, e por razóns de servizo, cambiouse a data da convocatoria xenérica da Mesa de contratación do mes de xaneiro de 2015, quedando convocada de forma xenérica para o segundo venres do citado mes ás 11:00 horas na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, sen prexuízo da súa convocatoria expresa.

Emitido o certificado das ofertas presentadas no mes de decembro, e resultando este positivo, procede convocar de forma expresa á Mesa de contratación para a realización das funcións previstas no prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento:

Lugar: Xerencia Municipal de Urbanismo, 2º andar (Pza. do Rei, s/n)
Día: 9 de xaneiro de 2015
Hora: 11:00 horas

Notifíquese o presente Decreto aos membros da Mesa de contratación, e insírase no perfil do contratante para o seu público coñecemento.

MGC

Vigo, 7 de xaneiro de 2015.

O PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN
(Delegación de 07.01.2015)

Carlos López Font

